

## FICHA RESUMO PDA HISTORIA DA FILOSOFÍA 2 BACHARELATO

MATERIAL	<p>-Non se esixe un determinado <i>libro de texto</i> para o uso do alumnado, aínda que se recomenda como material de consulta calquera manual de Historia da Filosofía conforme ao actual plan vixente.</p> <p>-Á <b>Aula virtual</b> remitiranse os materiais que previamente se entregarán <b>fotocopiados</b> ao alumnado, así como outros materiais complementarios.</p>
TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS	<p><b>1º TRIMESTRE</b>  A orixe do cosmos na corrente presocrática.  Dialéctica socrática e relativismo dos sofistas.  Realidade e coñecemento en Platón  Platón: antropoloxía e política.  Física e metafísica en Aristóteles.  Ética e política en Aristóteles.  O problema razón-fe na filosofía medieval.</p> <p><b>2º TRIMESTRE</b>  Descartes: o problema do método e a evidencia do <i>cogito</i>.  O liberalismo político de Locke.  Hume: crítica das ideas de sustancia e causalidade,  Razón e progreso na Ilustración.  Os límites do coñecemento en Kant.  A lei moral en Kant.</p> <p><b>3º TRIMESTRE</b>  Alienación e ideoloxía en Marx.  Nietzsche: crítica da cultura occidental.  Ortega y Gasset: a razón vital.</p>
MÉTODO DE CUALIFICACIÓN	<p><b>-O 80 % da cualificación correspondería ás probas obxectivas individuais, tanto exames escritos como as súas correspondentes recuperacións, de selo caso.</b></p> <p>A superación destas probas esixirá o dominio dos contidos e a adquisición dos obxectivos específicos das unidades implicadas en ditas probas e expresados nos estándares de aprendizaxe recollidos nesta Programación.</p> <p><b>-O 20% da cualificación correspondería a exercicios de COMENTARIO de texto que se puideran propoñer.</b></p> <p>Se non se propuxera ningún exercicio de Comentario de texto nalgunha Avaliación, a cualificación da mesma obterase só a partir dos Exames que se tiveran realizados.</p> <p><b>En calquera caso, o 100% da cualificación corresponderase con probas escritas, sexan exames e/ou recuperacións, así como comentarios de texto.</b></p> <p><b>O modelo, estrutura e criterios de corrección dos Exames serán do mesmo tipo que os propostos polo GRUPO DE TRABALLO de Filosofía da CIUG para as probas ABAU para o curso 2022-2023</b></p>
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	<p>.-Exames-----80%</p> <p>-Comentarios de texto-----20%</p> <p>Se non se propuxera ningún exercicio de Comentario de texto nalgunha Avaliación, a cualificación da mesma obterase só a partir dos Exames que se tiveran realizados(100%)</p>
PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN	<p>-De cada examen parcial suspenso, farase a recuperación correspondente.</p> <p>-A <b>cualificación final</b> do curso é a media aritmética de tódolos</p>

exercicios (exames e/ou recuperacións) realizados.

Avaliación Extraordinaria: Aqueles alumnos que non superen a cualificación de 5 puntos no cálculo da media das probas avaliadas, deberán presentarse a un **Exame final** de características similares aos realizados durante o mesmo. A cualificación do exame establecerase sobre 10 puntos, e o alumno deberá acadar, cando menos, **5** para superar a materia.

-